

Buenos Aires, 29 de Marzo de 1968.

Sr.D. Ricardo García Suárez

Vigo

Meu querido amigo:

Acabo de leer a tua nota que fixeches sobor do meu álbum "O pulpo". Agradézochá moito, pois parecen ademáis moi ben vistos os grabados. Sincieramente penso que deberías escribir e pintar máis. E unha lástima que non o fagas. Xa coñezo os motivos, mais coido que poderías sacrificar algún tempo pra destina-lo á pintura e a escribire arredor de temas de arte. Perdóname por este consello. As notas tuas son moi boas, non coñezo a ninguén en Galicia que poda facer notas semellantes encol de cuestiós artísticas. En xeral fáltalles a túa formación -moi importante- de pintar.

Estou expoñendo estos días unha serie de 50 grabados no Museo de Bonn e chegaronme notas moi eloxiosas dos diarios alemáns e en xullo fago unha mostra retrospectiva da miña pintura nunha galería de aquí. Mostrerai ^{ceon} ou máis óleos. Xa che enviaréi o catálogo e tamén un exemplar ~~de~~ de "Retratos furtivos", outros cen dibuzos feitos polos cafés de moitos sitios. A Días Pardo deixei 54 feitos en Galicia co ánimo de publicalos ahí, xa que levan leendas en galego. Isto é todo por hoxe. Soio quería agradecerche o teu comentario e dar ~~me~~ mostras de que miña muller i eu non vos olvidamos e vos enviamos unha forte aperta: